

AER DEMANDA QUE O CONCELLO NON SE ESQUEZA DAS PARROQUIAS DURANTE AS FESTIVIDADES DO NADAL



A Agrupación de Electores de Redondela, tralo anuncio do arranque da programación de Nadal, constata a falta de sensibilidade do goberno local do Partido Popular cara ás parroquias de Redondela vista a liña xeral que vai levar a programación socio-cultural oficial de Nadal. Se ben, o aumento de actividades organizadas polo Concello nas parroquias é unha demanda de anos da maioría entidades culturais e veciñais, o constante recelo do goberno local a descentralizar a programación propia do Concello ás diferentes parroquias, fora do que é a vila de Redondela e Chapela, fará que durante este Nadal o Concello se esqueza completamente das parroquias na súa programación socio-cultural. Así pois, AER constata que unha vez máis a programación de Nadal oficial do Concello deixa de lado ás parroquias, non quedándolle outra á veciñanza destas que seguir achegándose á cultura e ao lecer de Nadal nos seus barrios e lugares unicamente a través das programacións propias dos centros culturais, asociacións de veciños e diferentes colectivos e entidades culturais que desenvolven a súa actividade estoicamente nas diferentes parroquias de Redondela.

Na programación oficial conséntase que a totalidade das actividades oficiais organizadas polo Concello de Redondela centralizaranse na Vila e en Chapela; Casa da Cultura, Multiusos da Xunqueira, Alameda e rúas de Redondela, e en Chapela no local da asociación Agarimo e no Multiusos do Piñeiral do Crego. En contraste con outros concellos cercanos, como o de Mos ou O Porriño onde si que o Concello programa actividades en diferentes centros sociais das parroquias, o goberno local do Partido Popular diferenciará entre veciñanza de primeira e de segunda. De primeira, aquela que terá unha oferta socio-cultural de Nadal ás portas da súa casa, practicamente gratuíta e sen esforzos organizativos, e de segunda, a das parroquias, que terán que financiarse os eventos que programen e esforzarse xestionando eventos culturais “como ben poidan durante o seus tempos libres” para que os maiores e as cativas, os seus veciños, poidan sentir o Nadal no seu entorno residencial habitual.

Salvando o programa municipal de conciliación “Nadal con Simona” que se ofertou como corresponde en diversas parroquias amais de Redondela e Chapela, no que respecta ás actividades propias de Nadal programadas pola Concellería de Cultura e a Concellería de Eventos, dende a Agrupación de Electores de Redondela demándase que a programación socio-cultural oficial do Concello chegue a toda a rede de centros sociais existentes ao longo de toda Redondela, posibilitando que a totalidade da veciñanza teña as mesmas posibilidades de acceso ao lecer e cultura financiada con fondos públicos, neste caso durante o Nadal.

Redondela, 16 de decembro de 2016